

SALSEIRO

O VOCEIRO DO MAR



T
O
N
I
Ñ
A

ÍNDICE

Presentación	3
Ficha da Especie	4
Os contos da Xela	5
A pesca	11
Anatomía	11
Distribución	12
Hábitat	12
Alimentación	13
Reprodución	13
Organziación social	13
En Falmilia	14
Diferenzas entre golfiños e toniñas ..	14
Conservación	15



Autor e ilustrador.....Alfredo López Fernández, Tokío. Ilustracións realizadas dentro dos obxectivos de divulgación científica do contrato de auxiliar de investigación, CESAM & Dbio, Universidade de Aveiro, 2019 (REF-094-88-ARH/2018), DL57/2016-L57/2017.



cesam

Un verán face de aveiro
centro de estudos do ambiente
e do mar

EdiciónCEMMA, 2023.

Publicado con axuda da Deputación de Pontevedra-Ano da música.

Lugar da ediciónNigrán.

Asesoramento lingüístico ...Marta Dacosta.

Depósito legal.....VG 569-2019

Colabora: Sociedade Portuguesa para a Vida Selvagem.
<http://socpvs.org/> spvs@socpvs.org

Material didáctico adaptado ao proxecto:



CaixaBank



Presentación

Na época medieval, a **toniña** era unha especie mariña moi requirida para a alimentación humana a causa da prohibición de comer carne unha boa parte do ano, por mor da coesma. A toniña daquela era considerada “peixe”, a pesar de que xa Aristóteles no século IV a. C. clasificara os cetáceos como animais que respiran por pulmóns e aleitan os cachorros.



A finais do século XIX e principios do XX a toniña era unha especie considerada como moi abundosa ao longo da costa galaico-portuguesa, presente tamén no Cantábrico e no Mediterráneo. Era observada nas rías, baías e esteiros, existindo rexistros de animais que subían o curso dos ríos até distancias considerables do mar.

Porén, a partir de mediados do século XX, comezou a rexistrarse un decrecemento poboacional acentuado a nivel europeo, sendo considerada actualmente extinguida no Mediterráneo. A ausencia de datos cuantitativos non permite contabilizar con exactitude o valor desta redución.

Actualmente as observacións efectuadas ao longo da costa refírense a grupos moi reducidos e hai poucos rexistros recentes da súa presenza dentro das rías, dado que son expulsadas delas polos arroaces.



Toniña, nomeada na lámina *Delphinus phocaena*, *Le Marsouin*. Gravado de Pigeot a partir dun cadro de Vauthier. Aceiro gravado, impreso a cor. Tamaño 15,5 x 12 cm 1860.

Ficha da Especie

Toniña

Phocoena phocoena

Taxonomía: Mammalia, Cetartiodactyla, Cetacea, Odontoceti, Phocoenidae.

Tamaño: 200 cm.

Distribución: hemisferio norte.

Poboación afro-Ibérica: dende o Cantábrico ata o Golfo de Cádiz e costa norte africana. É diferente á do resto do Atlántico polo que se considera unha subespecie: *Phocoena phocoena meridionalis*.



Identificación:

O corpo é robusto e redondeado. Ten unha coloración cincenta escura no dorso que vai sendo máis clara cara o ventre, que é branco. Os cachorros son normalmente máis claros que os adultos. A cabeza é pequena, sen melón acentuado e sen bico, a aleta dorsal baixa, triangular e pode ter pequenos tubérculos no borde anterior.

Nomes: En galego recibe o nome de toniña, disque relacionado co atún.

Outros nomes en Galicia: tauliña, toliña, toulía, touriña.

Boto (portugués), marsopa (español), harbour porpoise (inglés), mazopa (euskera), marsouin (francés). Nalgunhas partes do mundo, como en español, en inglés ou en francés, recibe o nome de porco de mar.

AQUELA MANA, XELA E OS SEUS AMIGOS FORON ATA O ALTO DOS PETONS, UN LUGAR CON MOI BOA VISIBILIDADE SITUADO SOBRE O AREAL DO VERDINO



VAMOS FACER UN PUNTO DE OBSERVACION COSTEIRA



BUSCAREMOS CETACOS E TAMEN AVES MARIÑAS



O IMPORTANTE É ANOTAR O QUE VEXAMOS



ESTOVI VENDO... TRES FAXAROS BRANCOS...



A VER?

HAI SI, SON MASCATOS



AGORA...LHAS ALETAS NEGRAS




SON GOLFIROS!! ALI AO FONDO!

A VER, A VER?

EI, CUIDADO CO TELESCOPIO!











CORRERON A PRAIA
A ADVERTIR OS
MARINEIROS



QUE DENDE TERRA TIRABAN
DO APARELLO



AXUDA, AXUDA!
NO APARELLO FICOU
LINHA TONINIA

PASA DE CANDO EN VEZ,
FICAN ATRAPADAS E NON
PODEMOS EVITARLLES A ASFIXIA
AO NON PODER SAIR A RESPIRAR



NON, NON
ESTÁ ALÍ,
ESTÁ VIVA!



O HOME, DE MALA GARA,
DIRIXIUSE AO COPO QUE
CASE ESTABA EN TERRA





NUM INSTANTE
TAVANA FORA
DA REDE




TENOS QUE ACHEGALA
AOS SEUS!



ALI ESTAVI!



MIRA,
ESTANSE ACHEGANDO,
BOTABAN EN FALTA A
PEQUENA



COA ATENCION DE XELA,
DOS SEUS AMIGOS E A
AXUDA DOS MARINEIROS.

..ESE DIA TODAS
AS TONIRAS
PUIDERON SEGUIR
A SUA VIAJE

prato



A pesca

Esta historia de Banda Deseñada está inspirada nas xornadas de **Observación Costeira de Cetáceos** que levan a cabo os equipos de investigación da CEMMA (Galicia) e da SPVS (Portugal). Tamén representa a arte da **xávega**, un tipo de cerco que se realiza largando e recollendo a rede dende a costa, con axuda do denominado: **barco de mar** ou **meia-lua**, aínda en activo na costa central de Portugal, como o *Sta. Piedade* da foto. A arte é semellante á arte da **rapeta** galega que era largada antigamente dende os areais.



Esta historia mesmo podería estar ambientada na pesca do **cerco** galego, que se pode levar a cabo cos barcos denominados: **cerqueiro** ou **tarrafa**.

Anatomía

Ao contrario doutras especies, o tamaño das femias é, por termo medio, maior do que o dos machos. As femias son adultas ao superar os 169 cm e os machos os 151 cm. O cachorro nace con 80 cm, aproximadamente.

Nas costas ibéricas algúns individuos superan os 200 cm, son os maiores tamaños para a especie a nivel mundial. As **toniñas** de Galicia pertencen á poboación **afro-ibérica**, son especiais e diferentes ás do resto do Hemisferio Norte, por iso se propuxo que fosen consideradas pertencentes a unha subespecie diferenciada.

O seu peso pode chegar ata os 100 kg, dependendo da lonxitude. No momento de nacer, os cachorros miden de 75 a 90 cm e pesan entre 3 e 8 kg. Poden vivir máis de 20 anos.



Distribución

A área de distribución abrangue unicamente as augas frías da rexión temperá e sub-ártica do hemisferio norte. No Atlántico Norte esténdese desde Islandia, Mar de Barents e Mar Branco (límite norte) ata as costas de Mauritania, no Norte de África. Considérase extinguida no Mediterráneo, aínda que ficou unha poboación illada no Mar Negro.




Hábitat

Viven esencialmente en zonas costeiras de profundidade inferior a 100 metros: augas costeiras, plataforma continental, baías e esteiros, aínda que, con menor frecuencia, tamén poden ser avistadas en augas profundas da plataforma, sen saír ás augas oceánicas. En Portugal, distribúense ao longo de toda a costa continental, especialmente nas zonas Norte e Centro, desembocadura do río Sado e Cabo Mondego ou Figueira da Foz. En Galicia habita a plataforma continental e en áreas costeiras, mais no sur non adoita entrar nas rías a causa da presenza do arroz que as expulsa violentamente.

O núcleo da poboación está nas augas galaico-portuguesas, entre Aveiro e Fisterra, con presenza relativamente permanente no litoral das Rías Baixas, Aveiro-Figueira da Foz e Arrábida.

No Cantábrico a especie desapareceu nos anos 80, volvendo ser atopada a partir do século XXI, con rexistros de varamentos e uns poucos avistamentos. O mesmo aconteceu tamén, no Golfo de Cádiz e nas augas adxacentes do Mediterráneo andaluz.

Rexistráronse escasos avistamentos nos arquipélago dos Açores e Canarias.



Alimentación

Teñen unha taxa metabólica elevada e consomen diariamente cerca do 10% do seu peso, o que fai que gran parte do seu tempo transcorra en actividades relacionadas coa alimentación. A dieta destes predadores está constituída por peixes, como a faneca, o lirio, o bocarte, a sardiña e a rincha, entre outros, podendo tamén consumir algúns cefalópodos, como a lura, e tamén algúns crustáceos.



Reproducción

Acadan a madurez sexual ao redor dos 3 ou 4 anos de idade. A época de reprodución é de febreiro a agosto. Tras un período de xestación de preto de 11 meses, os nacementos poden observarse nos meses mencionados. Tal como acontece con outras especies de cetáceos, os nacementos ocorren en augas profundas, en zonas afastadas da costa. Tras un período de aleitamento de cerca de 4-6 meses, os cachoros comezan a inxerir alimentos sólidos. Acompañan as nais ata os 12 meses.

Organización social

Non se coñece moito sobre a súa organización social, por ser animais difíciles de observar e tamén polo seu discreto comportamento.

Viven xeralmente en pequenos grupos, moitos apenas constituídos pola nai e seu cachorro. Ocasionalmente fórmanse grupos de maiores dimensións, mais estas grandes agregacións están relacionadas cunha elevada densidade de presas ou coa actividade social.



En familia

Todas as especies de toniñas forman a **Familia Phocoenidae**, cetáceos odontocetos - con dentes - igual que os golfinhos e cachalotes. Son os de menor tamaño da Orde Cetacea. A Familia componse de tres Xéneros: *Phocoena*, *Phocoenoides* e *Neophocaena*, e sete Especies:

Phocoenoides dalli. Toniña de Dall. Océano Pacífico Norte. (1 na ilustración da dereita)

Phocoena sinus. Va-güi-tua, vaquita mariña ou cochito. Golfo de California, no Pacífico norteamericano. É a especie máis ameazada. (2)

Phocoena spinipinnis. Toniña negra ou espiñenta. Aleta dorsal moi atrasada. Océano Atlántico Sur e Pacífico Sur. (3)

Phocoena dioptrica. Toniña de anteollos. Antártida e Atlántico sur. (4)

Phocoena phocoena, a nosa toniña! (5)

Neophocaena phocaenoides. Toniña sen aleta. Costas asiáticas. Algo máis pequena e escura que a toniña lisa. (6)

Neophocaena asiaorientalis. Toniña lisa. Sen aleta dorsal. Costas asiáticas. (7)



Diferenzas entre golfinhos e toniñas


As especies desta **Familia** son máis pequenas, e comparativamente máis robustas, que os golfinhos.

Dentes. Nas toniñas aplanados lateralmente, en lugar da forma cónica típica dos cetáceos da Familia dos Delfínidos.

Aleta dorsal. As toniñas teñen a aleta dorsal moi variable: pequena e triangular como na nosa toniña, enorme como na de anteollos, ausente como na lisa. Os golfinhos, pola contra, presentan aletas dorsais máis parecidas entre as distintas especies, ben formadas, altas e falcadas.

O bico. Nas toniñas é romo e redondeado, mentres que os golfinhos acostuman presentar un bico longo e aguzado, como o golfinho común ou o arroaz. Aqueles que non teñen bico presentan unha cabeza abultada e prominente, como o arroaz boto ou o caldeirón.





Conservación

As diferentes especies de tonañas son os cetáceos con maior risco de desaparición. A vaquita americana está en perigo crítico de extinción e a clasificación da tonaña afro-ibérica está sendo valorada como en perigo de extinción.

As diferentes ameazas de orixe humana, oceanográficas e climáticas e a limitación dos recursos alimenticios a causa da sobrepesca, son algúns dos motivos da difícil situación das especies. O primeiro paso na súa conservación é divulgar a súa existencia, porque non se conserva algo que non se ama e non se ama algo que se descoñece. Despois protexela legalmente, e a tonaña está considerada en perigo de extinción pola lexislación española. TED/1126/2020, de 20 de novembro, BOE 314, 1/12/2020.

Así que neste libro tes a chave para abrir a caixa do tesouro desta especie.



CaixaBank

Phocoe-nando